

Jose Ramón Fernández-Ojea, mestre. Memorias do seu paso por dúas escolas galegas

Carmen BENSO CALVO

Xosé FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Universidade de Vigo

En 1896, nace en Ourense José Ramón Fernández-Ojea, coñecido popularmente polo pseudónimo Ben-Cho-Shey, co que asignaba as crónicas enviadas a *La Zarpa* tras ser destinado á guerra de África en 1921. Unha cidade que axiña se denominará a Atenas de Galicia pola intensa actividade intelectualista e galeguista levada a cabo polos experimentados homes da *Xeración Nós* (Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas...) pouco máis andados en idade ca el, pero formados tamén no mesmo ambiente académico do instituto do Posío, no que compartiron algún prestixioso profesorado.

Mais, a todo isto, hai que anticipar, pola súa importancia formativa de primeira orde, o labor realizado na familia a través de seu pai Pío Ramón Ojea. Un exemplar mestre por vocación e un destacado líder do galeguismo. Foi, D. Pío, director do colexio San José de Calasanz da capital e profesor normalista na categoría de Auxiliar de Letras, impartindo especialmente clases de Xeografía na Escola Normal de Mestres de Ourense tras a reorganización destas Escolas segundo o plano Bergamín de 1914. Nela ostentou tamén durante varios anos o cargo de secretario, baixo a dirección de Emilio Amor Rolán.

Desta maneira, xa que logo, conviviu con moito profesorado normalista formado na Escola de Estudos Superiores do Maxisterio de Madrid (Risco, Pedro López, M^a de la Concepción Ramón Amat, José Táboas, Ramón Faguella, José Soler, Salvador Ferrer, Fausto Martínez...). Un colectivo docente comprometido coa renovación pedagóxica –e a galeguización– das escolas galegas. O propio Pío Ramón fundara a Asociación Provincial do Maxisterio de Ensinanza Primaria e dirixira o *Boletín del Magisterio* (1906-1912), no que publicaba abundante información lexislativa e formativa para a actualización dos mestres provinciais. Nesta liña de traballo, relacionouse cos homes da ILE, entre os que se inclúen Manuel Bartolomé Cossío. Tal como o demostra a información pedagóxica da época, foi o principal impulsor e organizador da Asemblea pedagóxica, celebrada no Paraninfo do instituto ourensán o 25 de agosto de 1912, á que estaba invitado o propio Cossío pese a que finalmente non puido asistir, xustificando esa ausencia nunha carta datada en Betanzos uns días antes do acontecemento e na que transmite unha serie de principios pedagóxicos renovadores do maxisterio sobre os que se pretendía reflexionar.

Deste zume de fogar e do “sentido das cousas galegas” –como indica Ramón Otero Pedrayo¹- zuga o fillo José Ramón, que tamén se inclinará profesionalmente cara á docencia con clara vocación de mestre renovador da escola galeguista. E chegará ó mesmo tempo a representar un expoñente referencial do grupo de mestres innovadores da época con vontade transformadora, para aqueles que ven na escola o principal motor de cambio social.

Entre 1906 e 1912 cursa o bacharelato no instituto ourensán, para despois estudar maxisterio na Normal e, en 1915, realizar a reválida de mestre de Ensino Primario. Tras a paréntese da guerra de Marrocos (dende onde envía crónicas a *La Zarpa*), retoma a súa formación pedagóxica e a súa actividade profesional. En 1923 obtén o título de Mestre Nacional. En 1925 ingresa no maxisterio por oposición con breves destinos en dúas escolas galegas: unha no litoral, en Cariño; e outra do interior, en Santa Marta de Moreiras, emprazada no concello de O Pereiro de Aguiar (Ourense). Termo municipal no que hoxe en día figura na súa honra o Grupo Escolar co nome de Ben-Cho-Shey.

Logo, pasa a cursar estudos na Escola Superior do Maxisterio de Madrid (1927-1930); e, en 1928, goza das pensións das deputacións galegas de Ourense e Lugo para adquirir experiencias de pedagogía especial en Francia e Bélxica (ano no que pronuncia o discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos). En 1934 ingresou, por oposición, no corpo de inspectores de ensino primario ocupando praza en Lugo. Alí presidirá o Partido Galeguista. Será nomeado candidato polo seu partido a deputado nas eleccións de febreiro de 1936. Coa chegada do golpe militar franquista será suspendido de emprego e soldo durante tres meses e trasladado fóra de Galicia: primeiro irá de Inspector a Cáceres (1937-1951) e logo á Inspección de Toledo, onde permanecerá ata a súa xubilación que se produce en 1967². Ó longo da súa vida –e ata a súa morte ocorrida en 1988- desenvolverá un intenso labor literario no ámbito do ensaio, da investigación etnográfica, da creación literaria –poesía, contos- e colabora en revistas, constituíndose en expoñente dun grupo de mestres innovadores empeñados en desenvolver estratexias docentes para os que a escola constituía un motor de cambio social.

Xa que logo, estamos diante dun mestre renovador entregado plenamente á melloira da escola dentro das bases identitarias do país ó que el tanto amaba, seguindo ó mesmo tempo as directrices da Escola Nova, da ILE e das innovacións pedagóxicas propugnadas durante o primeiro terzo do século XX.

Nesta liña, e a petición do Directorio das irmandades Galeguistas, Risco elabora en 1921 un esquema dun “Plan pedagóxico pr’a galeguización das escolas”, publicado na revista *Nós* nos números 6 e 7 e que sería levado posteriormente ó Congreso Pedagóxico Rexional, celebrado na Coruña durante a semana do 6 ó 12 de outubro de

¹ OTERO PEDRAYO, R.: *O libro dos amigos*, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1953, p. 132.

² Un período este difícil para o autor que el mesmo titula como a despersonalización de Galicia e no que, pese ás circunstancias, non renuncia nin escatima esforzos na defensa en prol da cultura e da escola galega. En FERNÁNDEZ, J.R. [BEN-CHO-SHEY]: “A despersonalización de Galicia”, *El Ideal Gallego*, 30-IX-1973; tamén reproducido na súa obra *Galicia no corazón*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1977, pp. 79-82; e “Pensar en gallego”, *La Noche*, 22-XI-1948.

1926, con importante eco en toda a prensa galega. Plan que na súa parte dedicada ó canto rexional nas escolas como elemento expresivo, diferenciador e criador didáctico do sentimento artístico dunha escola galega abundantísima en música popular, debería ser completado por un relatorio de Ben-Cho-Shey, pero que o control férreo da dictadura primorriverista impediron expor tanto a un coma a outro³.

Non se detiveron. Tres anos máis tarde, estes dous profesores amantes de Galicia, agora en compañía dun novo profesor de Instituto, Ramón Otero Pedrayo, nunha viaxe de descuberta percorren Galicia enteira a pé facendo peregrinaxe a San Andrés de Teixido, da que os participantes van sacando proveito científico de todo canto ven. Tal como se se tratase daqueloutras xiras levadas a cabo polo místico patriota indio Gandhi, que cos seus discípulos da escolas *Satyâgraha Ashram* percorrían a India andando durante tres meses ó ano⁴.

Mais non é aquí o momento para deternos na ampla obra de Ben-Cho-Shey, senón que imos centrarnos en dúas memorias mecanografadas e arquivadas na súa biblioteca adquirida pola Deputación Provincial de Ourense e que ben se poderían encadrar dentro dos ensaios do movemento de renovación pedagóxica espaxados, neste caso, pola escola rural española na década dos anos vinte⁵. Esta vez as experiencias da escola non foron publicadas, senón que permaneceron inéditas nas memorias de oposición á inspección que o autor realizou no seu día e que figuran no arquivo persoal que no seu momento foi cedido á Deputación de Ourense.

Memorias que resultan especialmente salientables por darnos a visión da actuación dun home experto no ensino primario galego como docente e como inspector, que chamaba as cousas como son, alleo a divagacións, independentemente da moda política, sen enmascaramentos en espera de parabéns das institucións en virtude do cal resulta frecuente que un opositor faga “ver una labor excepcional que no ha existido y que difícilmente se da en la realidad”. Expresións enunciativas, por outra banda, habituais na introdución de todos os seus traballos recompilados.

A primeira memoria a comentar está datada en abril de 1932 e presentada ante un Tribunal que o vulgará no seu acceso á inspección, baixo a lexislación do período xa republicano⁶. Non obstante, as experiencias comentadas fan referencia a súa etapa de mestre que iniciara en 1925 na costa galega do Cabo Ortegal, concretamente na localidade de Cariño (A Coruña), para continuala deseguido nunha aldea do interior de Galicia, en Santa Marta de Moreiras (preto da cidade de Ourense). Destino no que

³ RISCO, V.: “A galeguización da Escola”, *A Fouce*, nº 29 (I-III-1931), sen paxinar. Este relatorio de Ben-Cho-Shey titulado “El canto regional en las escuelas”, consérvase mecanografado na Biblioteca da Deputación Povincial de Ourense, Arquivo Ben-Cho-Shey, caixa 69, pedagoxía.

⁴ RISCO, V.: “prologo”, a OTERO PEDRAYO, R.: *Pelerinaxes I*, Sada (A Coruña), Edición do Castro, 1929 [edición facsimilar de 1993 +.

⁵ DEL POZO ANDRÉS, M^a de Mar: “La renovación pedagógica en España (1900-1939): Etapas, características y movimientos”, en CANDEIAS MARTÍNS, E. [coord.]: *Actas do V Encontro Ibérico de História da Educação. “Renovação Pedagógica / Renovación Pedagógica”*, Ed. Alma Azul, Coimbra/ Castelo Branco, 2005, p. 131.

⁶ Vid. *Memoria del opositor José Ramón y Fernández*, Biblioteca Deputación Provincial de Ourense, Arquivo Ben-Cho-Shey, caixa 69, pedagogía.

continúa neste intre da oposición e sobre a que fixo un fermoso estudo antropolóxico sen esquecerse da vida dos nenos e os seus xogos⁷ ó xeito das monografías xeográficas realizadas na Escola Superior madrileña onde tivera, entre outros, a profesores como Luis de Hoyos Sáinz, Rufino Blanco y Sánchez, Domingo Barnés, Juan Zaragüeta, María de Maeztu e Luis de Zulueta. Moitos deles foran profesores tamén de inspectores de corte galeguista como Manuel Díaz Rozas e dos profesores normalistas que traballaban con seu pai anteriormente citados⁸. Monografías incluídas tamén nos planos de traballo do Seminario de Estudos Galegos⁹.

Experiencias que, por outra parte, nos permiten contrastar o tipo de ensino primario levado a cabo en dúas localidades galegas extremas baixo o contraste comparativo de dous ambientes ó mesmo tempo distintos: un de corte mariñeiro e outro rural. Unha Memoria inédita que podemos dicir que ata o momento constitúe un verdadeiro e singular soporte de innovacións educativas levadas a cabo no territorio galego nun tempo no que precisamente os mestres da escola pública non podían, “aunque quixeran, introducir novidades no senso galeguista”¹⁰.

Ó longo das 21 páxinas das que consta o orixinal pasan todas as dificultades polas que atravesara a escola de Galicia herdadas en parte do século decimonónico¹¹: traballo infantil temperán, escola única, ausencia escolar, excesivo número de matrícula, nenos indisciplinados, escola desorganizada, locais en estado ruinoso e sen os servizos máis indispensables, distancias quilométricas motivadas por un hábitat disperso, asistencia escolar irregular e un sinfín de problemas cuxo obstáculo principal está na triste e cruel realidade de miseria social na que se desenvolve a poboación rural e que nada tiñan que ver, por exemplo, coas ben dotadas escolas belgas que el visitara pensionado durante un mes polas deputacións de Ourense e Pontevedra en 1928 (cun presuposto inicial de 650 ptas)¹².

⁷ TABOADA CHIVITE, X.: “Santa Marta de Moreiras, por Xosé Ramón e Fernández-Oxea”, *Grial*, nº 24 (abril-maio-xuño de 1969), p. 255.

⁸ Sobre esta escola véxanse as obras FERRER C. MAURA, S.: *Una Institución docente española. La Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932)*, Madrid, 1973; e MOLERO PINTADO, A. & DEL POZO ANDRES, M^a del M. [eds.]: *Un precedente histórico en la Formación Universitaria del profesorado Español. Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932)*, Madrid, Departamento de Educación-Universidad de Alcalá de Henares, 1989.

⁹ Entre as monografías levadas a cabo por este organismo están os traballos de conxunto de varias seccións sobre a Terra de Melida, as de Risco sobre a vila de Castro Caldelas, a de Cuevillas e Lorenzo Fernández sobre Calvos de Randín, as destes dous autores últimos e Hermida sobre a parroquia de Velle, a de Forneiro sobre Cedeira e a de Moreiras de Fernández-Oxea. Vid. *Seminario de Estudos Galegos. Dez cursos de traballo 1923-1934*, Santiago de Compostela, SEG, 1934, p. 74. Sobre a referida publicación do autor véxase FERNÁNDEZ-OXEA, J.R. [BEN-CHO-SHEY]: *Santa Marta de Moreiras. (Monografía dunha parroquia ourensán, 1925-1935)*, Castrelos, Vigo, 1969 [reeditado en 1982 por Edicións do Castro].

¹⁰ RISCO, V.: “A galeguización da Escola”, *A Fouce*, nº 29 (I-III-1931), sen paxinar.

¹¹ Sobre a situación escolar da escola do último cuarto do século dezanove véxase DE GABRIEL, N.: *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1990. E sobre o primeiro tezo do século XX, a obra de RIVAS BARRÓS, S.: *A derradeira lección dos mestres*, Vigo, Xerais, 2001.

¹² *Memoria sobre la enseñanza de anormales. En Francia y Bélgica. Presentada por el maestro pensionado D. José Ramón y Fernández*, Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense, Arquivo Ben-Cho-Shey, caixa 69, pedagogía.

Partindo desta penuria económica propón a implantación nas aldeas de cantinas e roupeiros escolares como medida máis eficaz que as propias sancións legislativas que estaban a ser inútiles. Pero sobre todo, resulta novidoso o ensino-aprendizaxe levado a cabo nestas dúas escolas galegas partindo do contexto ambiental do discente. Sen deterrar por completo os libros de texto, céntrase nun ensino activo e intuitivo recollendo toda canta información interesante aportaba o medio natural, recorrendo primeiramente ós conceptos previos e significativos á mente do alumnado e aproveitando os recursos que ofrece o propio medio, pesqueiro nun caso e agrícola noutro. É dicir, parte do coñecido para chegar ó descoñecido. Confírelle gran importancia ó debuxo, ós traballos manuais, á lectura e relatos e á propia confección do material escolar por parte dos propios rapaces.

A segunda memoria¹³, sen datar, pero coincidente máis ou menos cun período similar á anterior e que en todo caso non vai máis alá dos últimos anos de goberno do xeneral Primo de Rivera e primeiros da II República. Nela, coma na anterior, o recurso repetitivo á educación activa encamiñado a conseguir un traballo escolar gustoso resultan evidentes. Pero sobre todo céntrase nunha sólida defensa das escolas graduadas, que tanta falta facían en Galicia en substitución das escolas unitarias. O pedagogo ourensán, como outros compañeiros empeñados en desenvolver estratexias docentes innovadoras na escola rural, considera que o modelo institucional da Escola graduada –de escasa implantación aínda en España e con maior repercusión en Galicia– era o medio idóneo para a innovación docente fronte ás moitas dificultades que presentaba, no ámbito galego, a escola predominantemente rural.

Sen dúbida algunha, tivo niso unha forte influencia a súa estancia madrileña cursando estudos como alumno da Escola Superior do Maxisterio e visitando o “Grupo Escolar Cervantes” –centro modélico en implantación da escola graduada cunha clase destinada a rapaces atrasados¹⁴, no que ademais se emociona profundamente ó asistir á clase de Xeografía impartida polo andado mestre Angel Llorca. En dita clase, curiosamente, se interpretaba polos nenos unha “Cántiga” de Manuel Curros Enríquez, pón-dose Ben-Cho-Shey inconscientemente a cantar con eles. Este feito aprovéitao precisamente o ourensán para reivindicar unha escola galeguista acorde ás innovacións dos novos tempos e atacar ós seus detractores:

«Escucha, sordo; los niños del «Cervantes» cantan en gallego y no pecan. Mira, ciego; los escolares madrileños escriben en gallego y tampoco pecan. Despierta, hombre rutinario, e incorpórate a la corriente sino ésta te arrastrará o quedarás en el remanso de aguas infectas»¹⁵.

¹³ Memoria. Concepto que se tiene de la colaboración escolar, ensayos y prácticas y de la función que en las escuelas graduadas corresponde a Maestros o Directores para un mejor resultado de la obra educadora que estas escuelas deben realizar, Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense, Arquivo Ben-Cho-Shey, caixa 69, pedagogía.

¹⁴ Este centro, xunto co “Príncipe de Asturias” eran dous bos exemplos de dous grupos modelo de ensinanza graduada. Como tal estaban organizados por seccións e, loxicamente, eran visitados polo alumnado da Escola Superior de Maxisterio. Vid. VIÑAO FRAGO, A.: *Tiempos escolares, tiempos sociales*, Barcelona, Editorial Ariel, S. A., 1998, pp. 124-5.

¹⁵ BEN-CHO-SHEY: “Una visita al «Grupo Cervantes»”, *El Maestro Orensano*, nº 128 (22-VI-1928), p. 1.

Tal como apunta o estudoso deste tipo de organización escolar, Antonio Viñao Frago, dende a crise de 1898 as escolas graduadas convertéranse na resposta máis axeitada na solución dos males da ensinanza primaria dentro do ambiente rexeneracionista e de renovación pedagóxica. Pese a todo, dende 1898 nas que se introduce este modelo a modo de ensaio nas escolas de prácticas anexas ás normais, no ano 1922 as provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra -debido ó claro predominio dunha demografía eminentemente rural- figuran entre as de menor distribución provincial nacional cunha mísera proporción neste tipo de escolas¹⁶.

No ensaio, práctica e función destas escolas graduadas, o innovador mestre ourensán menciona, entre outros aspectos relevantes: a aportación da división do traballo académico non precisando os mestres abarcar con igual profundidade todas as materias, a necesidade de coordinación entre os distintos departamentos que facilitan unha preparación integral entre as distintas materias que compoñen o programa, a asistencia a reunións aportando solucións conxuntas a posibles problemas xerados e a necesidade do nomeamento dun director. Para este cargo directivo reclama vocación, preparación, amor ó ensino e manifesta superioridade como virtudes principais; desempeñando primordialmente un papel de colaborador, guía e apoio ante as posibles dificultades dos mestres e sempre actuando con máxima independencia dentro dos preceptos legais. Un centro, en definitiva, semellante a unha orquestra na que o desafino dun calquera dos executantes impide a realización dunha obra artística.

De por parte, todo hai que dicilo, o contraste entre as institucións educativas visitadas (dentro e fóra de España, nas que funciona perfectamente o novo modelo educativo de vangarda) coa realidade rural galega (nas que todos os elementos –dende a xeografía e o clima ata as condicións do local escolar e as singulares características da sociedade galega- conflúen para pór freos á tan desexada innovación educativa) fará caer a Ben-Cho-Shey nun pesimismo profundo que talvez o levase pronto a cambiar o oficio de mestre pola tarefa de inspección.

¹⁶ VIÑAO FRAGO, A.: *Innovación pedagógica y racionalidad científica. La escuela graduada pública en España (1898-1936)*, Madrid, Akal, 1990, pp. 15 e 25.

MEMORIA

del opositor

JOSE RAMON Y FERNANDEZ

Tarea fácil hubiera sido redactar un trabajo en el que se pusiese de manifiesto una mayor o menor cultura pedagógica y fuese el resultado de citas y consultas a unos cuantos tratados de los autores más de moda, para ello no serviría más que para tratar de equivocar al Tribunal haciéndole ver una labor excepcional que no ha existido y que difícilmente se dá en la realidad. La vulgaridad y la rutina que preside en nuestros medios rurales no permite realizar tareas de gran lucimiento, pese a la buena voluntad de los maestros que a ello se dispongan.

Quizá este empeño mio en ser veraz reste mérito a la presente Memoria y en vez de un trabajo científico, aunque falso, resulte una divagación crítica, pero el amor a la verdad puede más en mi y a él sacrificaré el éxito que pudiera obtener enmascarando la realidad.

Dos han sido las escuelas en que hasta el día de hoy he prestado mis servicios, y siendo unitarias las dos, se diferencian fundamentalmente. La primera está en un pueblecito de la costa gallega al pie del Cabo Ortegaleira, la segunda en una aldea del interior de Galicia; en aquella la población se agrupa alrededor del puerto, su única fuente de vida y a la vez abierto ventanal mirando al Océano; en esta los diminutos lugares se extienden por el valle, se acercan al río o trepan por la montaña como buscando mayor amplitud al horizonte cerrado por las sierras vecinas. Dos pueblos hermanos y, sin embargo, completamente distintos por su situación, por su composición y aún por el carácter de sus habitantes.

Acaso en lo único que ambos coinciden es en el desdichado alojamiento de sus escuelas, instaladas en casas sin condiciones y faltas de capacidad para contener la numerosa población escolar que a ellas asiste.

Y puesto que esta juega el papel principal en la labor escolar, forzosamente he de referirme a la vida que hacen los niños de las aldeas para de ella deducir las inevitables consecuencias que redundan en perjuicio de la enseñanza.

Desde muy temprano –a veces antes de la edad escolar- los niños ayudan a sus padres en los quehaceres domésticos, en los trabajos agrícolas y aún los sustituyen en el pastoreo de los ganados. En la costa participan también en las faenas del transporte de la pesca, y cuando llega al puerto alguna tarrafa, los niños van con sus madres entrando en el mar vestidos y con el agua hasta más arriba de la cintura, para trasladar la sardina, en cestas llevadas a la cabeza, desde el barco a la fábrica; otros muchos al mediar el curso dejan de asistir a la escuela por tener que salir a trabajar, bien como

ambulantes en oficios de paragüero, barquillero, etc. O bien por tener que ir a segar en tierras lejanas.

Esta cooperación infantil supone un régimen de vida análogo al de sus progenitores, es decir, que los niños se levantan con el sol y cuando es hora de ir a la escuela ya llevan sobre sí dos o tres días de trabajo rudo, lo que hace que se dé principio a la tarea escolar, no con ese descanso y lucidez con que asisten a la escuela los niños de la ciudad, sino con un amargo, con una fatiga que les resta ánimos para el estudio y que muchas veces les hace caer dormidos sobre la mesa, no por falta de interés en su labor, sino por exceso de cansancio.

La distribución de la población –que en Galicia tiene características propias, diferentes de las demás regiones españolas- con sus aldeas, lugares y caseríos múltiples diseminados, constituyendo la entidad parroquial, sobre una extensión a veces de tres kilómetros cuadrados, entidad que siempre sirve de base para la formación del distrito escolar, es causa de que la mayor parte de los niños que acuden a la escuela se vean obligados a recorrer distancias que pasan de un kilómetro, atravesando malos caminos, llenos de barro y convertidos en verdaderos ríos durante la invernada. Si se tiene en cuenta que, para cumplir con sus deberes escolares, los niños han de recorrer cuatro veces el mismo trayecto, el resultado es que al final de su trabajo escolar, han caminado de cuatro a seis kilómetros por término medio.

Por si todo esto fuera poco, estos niños, que acuden a la escuela fatigados por el trabajo y mojados al atravesar malos caminos, aún llevan sobre sí la tarea de una escasa alimentación.

Y si como final de este lamentable cuadro se ofreciese a los chicos un refugio agradable e higiénico en la escuela, aún podrían darse por contentos maestro y discípulos, pero la triste realidad es la de un local cuyo piso queda más bajo que el de la calle, razón por la cual las aguas lo invaden en los días lluviosos tan frecuentes en el clima gallego, y tan exiguo de proporciones que es problema difícilísimo el poder hallar –no ya comodidad- ni siquiera asiento para todos los escolares.

Pero esto no es todo: las circunstancias de la vida que acabo de exponer hacen que la asistencia escolar sea irregular por demás, dándose el caso de que la mayor parte de los niños no van dos días seguidos a la escuela, lo que imposibilita toda labor de continuidad. Contra esta falta de asistencia el maestro no dispone de medios para luchar; el régimen de multas a los padres, implantado con tanto rigor, como falta de eficiencia, durante la Dictadura, es contraproducente y redundante en perjuicio del maestro; además de que es injusto el multar a gentes que si no mandan con regularidad sus hijos a la escuela es porque lo necesitan para ganarse el sustento. Sólo cuenta el maestro con un aliado que favorece la asistencia escolar en grado sumo: este aliado es la lluvia. Los días que llueve la escuela resulta incapaz para contener tanto niño como a ella acude.

Esta es la realidad triste y cruel en que se desenvuelve la escuela rural. Y el maestro, consciente de ella, no puede exigir de sus discípulos aquel esfuerzo, aquella atención que son precisos para lograr algún fruto mediano.

Contra todos estos obstáculos que se oponen tercamente a la labor escolar, poco puede la mejor voluntad, ya que los remedios que pudieran ponerse en práctica para desterrarlos, están fuera del alcance y de las posibilidades económicas de un maestro rural.

El origen de todos los obstáculos que dejo apuntados es puramente económico y resultado de la pobreza en que se desenvuelve el medio rural. Contra esta pobreza no hay más que un medio de lucha: crear instituciones circun-escolares. En ningún sitio como las aldeas daría mejores resultados la implantación de cantinas y roperos escolares. Es cosa probada que los chicos no van a la escuela por tener que trabajar fuera de ella, es porque ese trabajo es preciso para comer y para vestirse. Luego es lógico pensar, que si en las escuelas se les diese una comida frugal y se atendiese a las más perentorias necesidades del vestido y el calzado, no sólo sobrarían las multas por inútiles, sino que habría de aumentarse en número de escuelas o poner un límite a la matrícula escolar, hoy ya excesiva.

Por mi parte he procurado atender a estas deficiencias en los escasos medios que mis recursos me lo permitían, y así en algunos días de lluvia torrencial tuve que recoger en mi casa a los niños de las aldeas más distantes y darles un humilde refrigerio que les evitase el ir a tales horas y con tan fuerte aguacero a sus lejanas casas. Pero esto no se puede hacer todos los días.

La primera escuela que serví tenía un poco atenuados estos defectos. Aunque la población era más compacta, sin núcleos aislados y lejanos, no por eso la asistencia tenía más regularidad; la enseñanza estaba desorganizada y los niños indisciplinados. Procuré restablecer la disciplina como medida inicial valiéndome para ello de la autoridad moral y huyendo siempre de medios coercitivos y violentos. No he de negar que no faltó algún caso de rebeldía alentado por la ausencia del castigo corporal; más para corregirlo bastó con amonestar al chico seriamente, amenazarle con la expulsión y prevenir de ello a sus familiares.

Sin desterrar por completo los libros de "memoria", a fin de que los niños no experimentasen un cambio brusco en sus costumbres escolares, se imprimió a estas un carácter de actividad, haciendo que los alumnos trabajasen por cuenta propia en todo aquello que fuese posible.

Para vencer su timidez comenzamos por practicar la lectura comentada, novedad bien recibida, que les fué haciendo perder el miedo habitual de expresar sus pensamientos ante el maestro, a la vez que poco a poco iban adquiriendo un mayor dominio del léxico y mas soltura en la expresión.

